



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 4 de agosto de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

4.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2022/2023, OU DO ANO 2023 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 12101/224.

Visto o informe de fiscalización do 01/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2023, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a asesora Xurídico do Servizo, a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de abril de 2023 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023, ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 18/04/2023 e 20/04/2023, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 21 de abril e rematou o 5 de maio de 2023.

Conforme establece a base décima, as solicitudes e documentación debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma base décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 82 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo. 78 solicitudes foron presentadas no dito prazo e 4 solicitudes fóra do prazo. As catro solicitudes presentadas fóra do prazo son as seguintes:

- Club Petanca Outeiro, con CIF G27788314, expte. 12291/224, registrou a súa solicitude o 07/05/20223.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 1 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Club Apóstol Santiago, con CIF G36646446, expte. 12295/224, registrou a súa solicitude o 09/05/2023.
- Grupo de Montaña Alud, con CIF G36897437, expte. 12298/224, registrou a súa solicitude o 10/05/2023.
- Club Natación Traviesas, con CIF G36823524, expte. 12299/224, registrou a súa solicitude o 10/05/2023.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Houbo unha entidade que non respondeu ao requirimento realizado:

- Club Petanca Ensino, con CIF: G36798866, expte. 12300/224. En data 19.06.2023, a entidade accede á notificación do requirimento, polo que o prazo para emendar a solicitude rematou o 03.07.2023. Transcorrido o dito prazo, a entidade non presentou a documentación requirida.

As demais entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o disposto na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Ana Laura Iglesias González, concelleira de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 5 de xullo de 2023 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria. Incorporárase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, así como a proposta de denegación para as catro solicitudes que non foron presentadas en prazo e para a solicitude presentada pola entidade que non respondeu ao requirimento realizado para completar a súa solicitude.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 2 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con oitenta e oito céntimos (44.999,88 €); constando no anexo I que se incorpora a relación de entidades e a contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Por presentar a solicitude fóra do prazo establecido, de acordo coa base décima:

- Club Petanca Outeiro, con CIF G27788314, expte. 12291/224
- Club Apóstol Santiago, con CIF G36646446, expte. 12295/224
- Grupo de Montaña Alud, con CIF G36897437, expte. 12298/224
- Club Natación Traviesas, con CIF G36823524, expte. 12299/224

Conforme ao estipulado na base 5ª.2: “Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: (...) c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.”

b) Por non responder ao requirimento para completar a documentación e corrixir as deficiencias detectadas na súa solicitude, de acordo coa base décimo segunda:

- Club Petanca Ensino, con CIF G36798866, expte 12300/224.

Conforme ao estipulado na base 5ª.1: “poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos: (...) f) que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base décimo primeira.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 3 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I: ENTIDADES, PUNTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB MANIOTAS	G36684819	Ximnasia	A	1.500,00 €	20	953,40 €
CLUB DEPORTIVO SEUNG SPORT	G27810761	Taekwondo	B	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G36927689	Atletismo	A	1.500,00 €	23	1.096,40 €
CLUB PETANCA VIGO	G36702413	Petanca	A	1.000,00 €	8	381,36 €
CLUB PEÑASCO	G27804970	Fútbol	A	1.000,00 €	8	381,36 €
CLUB CIOS VIGO	G36795680	Fútbol	A	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	Ciclismo	A	339,24 €	7	333,69 €
CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	Petanca	A	650,00 €	9	429,02 €
CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO	G36629657	Fútbol	A	1.500,00 €	11	524,37 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES	G36765733	Patinaxe	A	1.500,00 €	16	762,71 €
CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA	G36811974	Patinaxe	A	950,00 €	18	858,06 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	Natación	A	1.500,00 €	21	1.001,06 €
CLUB ESCOLA ROSALÍA	G27827856	Ximnasia	A	1.500,00 €	18,5	881,89 €
		Patinaxe	A			
		Bádminton	B			
CLUB DO LUME	G36852671	Petanca	A	600,00 €	14	600,00 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	G36692317	Baloncesto	A	1.500,00 €	24	1.144,07 €
CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	Baloncesto	A	1.500,00 €	21	1.001,06 €
CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G36614097	Pádel	B	1.500,00 €	6,5	309,85 €
		Tenis	B			
CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO	G36649408	Baloncesto	A	450,00 €	16	450,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 4 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMENINO CIES	G27713759	Pádel	B	1.500,00 €	10	476,69 €
CLUB DE TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	Taekwondo	B	1.000,00 €	8	381,36 €
CLUB BADMINTON CIES	G36827418	Bádminton	B	400,00 €	7	333,69 €
INDEPENDIENTE FÚTBOL CLUB	G36710416	Fútbol	A	600,00 €	10	476,69 €
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G36645109	Atletismo	A	1.500,00 €	13	619,71 €
CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G36869873	Esgrima	A	1.500,00 €	14	667,38 €
		Esgrima adaptada	A			
CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS	G36827079	Natación	A	1.500,00 €	14	667,38 €
CLUB MINAUTA	G36834240	Motonáutica	A	1.500,00 €	8	381,36 €
AS SPORT VIGO	G27749837	Taekwondo	B	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB PATÍN VAGALUME	G36982304	Patinaxe	A	1.500,00 €	14	667,38 €
BLACK VOLEY VIGO	G27747864	Voleibol	A	800,00 €	14	667,38 €
CLUB DEPORTIVO I.E.S CORUXO FS	G27726835	Fútbol	A	1.500,00 €	8	381,36 €
UNION BALONMÁN LAVADORES	G36810075	Balonmán	A	1.500,00 €	15	715,04 €
COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	Atletismo	A	1.000,00 €	15	715,04 €
CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA	G36942142	Baloncesto	A	1.500,00 €	21	1.001,06 €
FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	G36704666	Patinaxe	A	1.500,00 €	14	667,38 €
GMTA&CHUVONERS	G27782168	Montañismo	B	800,00 €	7,5	357,52 €
CLUB PETANCA CABRAL	G36765055	Petanca	A	1.000,00 €	14	667,38 €
CLUB INDALO PATINAJE ARTÍSTICO	G16794968	Patinaxe	A	1.500,00 €	18	858,06 €
CLUB VIGO SQUASH	G36929511	Squash	A	1.500,00 €	10	476,69 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 5 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
BOUZAS CAIAC	G67795062	Piragüismo	A	1.217,95 €	11	524,37 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO	G27865831	Patinaxe	A	1.500,00 €	13	619,71 €
CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	Voleibol	A	1.500,00 €	20	953,40 €
CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	G36713493	Voleibol	A	1.500,00 €	20	953,40 €
ESPELEO CLUB ARADELAS	G36642247	Espeleoloxía	B	350,00 €	5,5	262,19 €
CLUB AS RODAS PATINAJE ARTÍSTICO DE VIGO	G36645091	Patinaxe	A	1.000,00 €	16	762,71 €
CLUB DE FÚTBOL BALAÍDOS	G36737724	Fútbol	A	1.500,00 €	9	429,02 €
TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	Patinaxe	A	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB REMO VIGO	G27852896	Remo	A	1.000,00 €	9	429,02 €
CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	Halterofilia	A	1.500,00 €	10	476,69 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL	G36622934	Balonmán	A	500,00 €	13	500,00 €
CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA	G36948115	Balonmán	A	1.500,00 €	10	476,69 €
CLUB MONTAÑEIRO/AS CELTAS	G36637890	Montañismo	B	1.500,00 €	11,5	548,21 €
		Espeleoloxía	B			
CLUB MARÍTIMO DE CANIDO	G36630127	Vela	A	1.000,00 €	8	381,36 €
CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	Patinaxe	A	1.500,00 €	20	953,40 €
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 FÚTBOL SALA	G36982239	Fútbol	A	1.500,00 €	7	333,69 €
CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	Balonmán	A	1.500,00 €	10	476,69 €
TRASNOS BÉISBOL CLUB	G27750645	Béisbol/Sófbol	A	500,00 €	10	476,69 €
CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO	G27822006	Piragüismo	A	1.000,00 €	11	524,37 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 6 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICIA	G36630192	Montañismo	B	500,00 €	7	333,69 €
CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC	G36931582	Ximnasia	A	1.000,00 €	25	1.000,00 €
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	Fútbol	A	1.500,00 €	7	333,69 €
CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S	G36886422	Fútbol	A	1.500,00 €	12	572,04 €
VIGO ROLLER DERBY	G27784552	Patinaxe	A	1.500,00 €	14	667,38 €
CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO	G27763812	Natación	A	1.200,00 €	16	762,71 €
CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	Balonmán	A	1.500,00 €	11	524,37 €
CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO	G27857465	Baloncesto	A	750,00 €	13	619,71 €
VETERANAS DE BALONMANO	G27847615	Balonmán	A	1.500,00 €	14	667,38 €
CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE	G36904530	Atletismo	A	740,00 €	14	667,38 €
		Petanca	A			
ASOCIACION CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES	G36805158	Fútbol	A	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	G36686376	Balonmán	A	1.500,00 €	17	810,38 €
C.A.R. MARISQUEIRO	G27737477	Montañismo	B	1.500,00 €	8	381,36 €
CLUB BAILE DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	Baile deportivo	A	1.500,00 €	9	429,02 €
CLUB KAYAK VIGO	G36978559	Piragüismo	A	600,00 €	10	476,69 €
CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G36888543	Esgrima	A	1.500,00 €	10	476,69 €
CLUB CIES SQUASH	G27869437	Squash	A	1.500,00 €	14	667,38 €
CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	Triatlón e péntatlon moderno	A	878,00 €	8	381,36 €
S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	Atletismo	A	1.000,00 €	9	429,02 €
BALONA LINENSE F.S	G36985984	Fútbol	A	1.500,00 €	11	524,37 €
TOTAL						44.999,88 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 7 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:36	Páxina 8 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A1A95A-BAA643-BH3C31-B3UHZ3-UMBE4P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		